



ANEXO III

REF.: 2017/CP/007

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

AXUDA

Referencia: ED431C 2016-047

Título: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do S.U.G.

CENTRO: Facultade de Informática

OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Facultade de Informática. De luns a venres, de 16:00 a 20:00

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo III

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐* Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUGTécnico de apoio á investigación ☐Axudante de apoio á investigación ☒Técnico administrativo ☐Axudante administrativo ☐

XORNADA

Tempo Completo: ☐Tempo Parcial: ☒

DURACIÓN

33 meses

DATA APROX. DE INICIO

01/03/2017

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 728,00 €

PARTIDA ORZAMENTARIA: 6140242603-541A-6490200

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Unha das seguintes: Bacharelato, BUP, FPII, Ciclo formativo superior.

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Ver memoria da convocatoria. Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Por correo electrónico a varpa@udc.es, indicando no asunto a referencia da convocatoria de contratación

PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Investigador Principal do proxecto

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Facultade de Informática

A Coruña, 21 de Decembro de 2016

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG



MEMORIA DE CONTRATACIÓN

TAREFAS A REALIZAR

No ámbito das actividades investigadoras do grupo VARPA, o/a candidato/a prestará soporte nas tarefas de investigación do grupo, principalmente relacionadas co procesamento de imaxe médica.

A función principal será a de dar apoio en tarefas de preparación dos experimentos e probas asociados aos desenvolvementos dos investigadores: establecemento conxunto de datos de proba, realización de experimentación e obtención dos resultados. Participarán así mesmo no desenvolvemento de ferramentas informáticas de apoio para a investigación.

Contéplase que o candidato complete a súa formación mediante Traballo fin de carreira relacionado coas súas actividades así como a formación no ámbito investigador mediante cursos de posgrao/másters durante a duración do contrato.

XUSTIFICACIÓN DA DURACIÓN DO CONTRATO

Contéplase a incorporación de persoal cun bo expediente académico e as competencias adecuadas para iniciar un proceso de formación en actividades investigadoras que permita incorporar nun futuro persoal altamente cualificado e formado con plenas capacidades investigadoras. Por tanto, pretende darse ao/a candidato/a continuidade na integración nas actividades investigadoras do grupo de investigación, ao tempo que completa e mellora a súa formación mediante títulos especializados que permitan posteriormente iniciar un traballo de tese doutoral.

Este obxectivo considérase alcanzable despois de dous cursos académicos.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

- Estar en posesión dunha das seguintes titulacións: Bacharelato, BUP, FP II, Ciclo formativo superior.
- Ter aprobados polo menos 180 créditos ECTS de Enxeñaría Informática, Grao en Enxeñaría Informática ou similar, cumprindo os requisitos para a realización do Traballo Fin de Carreira correspondente.
- Ter cursado créditos con competencias en materias relacionadas coa intelixencia artificial, aprendizaxe máquina e/ou visión artificial.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS

- Expediente académico da titulación cursada (créditos aprobados): ata 4 puntos. Só se considerarán notas medias superiores ao 6'5 sobre 10.
- Coñecementos demostrables en desenvolvementos informáticos usando tecnoloxías relevantes para a convocatoria: Python, Matlab, librerías de machine learning, visión artificial, etc: ata 1 punto. Poderase dar ata 0'5 puntos por ano de experiencia en actividades ou proxectos onde o candidato acredite a utilización de ditas librerías.
- Entrevista persoal, en caso de considerarse necesaria: ata 5 puntos. Valoraranse as cualidades persoais do candidato, así como a motivación para a realización de actividades formativas de cara á obtención das competencias necesarias para a carreira investigadora.

A Coruña, 21 de Decembro de 2016
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo